

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 29 DE XANEIRO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e nove de xaneiro de dous mil dezaioito, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e catro minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

**Non asiste** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez (concelleira non adscrita).

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTAS ANTERIORES CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DO 18 (ORDINARIA) E DO 28 (EXTRAORDINARIA) DE DECEMBRO DE 2017.

Detectado erro –por observación feita ao respecto por Dna. Purificación Argiz- no texto do punto do orzamento nos dous borradores remitidos coa convocatoria, procederá a corrixilos (\*). Sometidos a votación con esa corrección, o Pleno por unanimidade acorda aprobar as actas das seguintes sesións da Corporación municipal: ordinaria do 18 de decembro de 2018 e extraordinaria do 28 de decembro de 2018.

(\*) O erro a corrixir foi padecido ao elaborar o texto do punto 2 da sesión do 18/12/2017 e do punto único da sesión do 28/12/2017. Incluíuse en ambos casos a proposta de 2016, en lugar da de 2018 que é a que non foi aprobada o 18/12/2017 e foi vinculada a unha cuestión de confianza o 28/12/2017. O texto que en ambos casos figurará nas actas definitivas é o seguinte:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, formado polo Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma



laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención de data de 7 de decembro de 2017

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto de data de 7 de decembro de 2017.

**Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2018, que ascende a **12.629.100,93 €**, xunto coas súas Bases de execución, que resumido por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO 2018

GASTOS				
2018	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.146.630,07	256.182,31		4.402.812,38
CAPITULO II	6.295.058,87	18.217,69		6.313.276,56
CAPITULO III	19.271,17			19.271,17
CAPITULO IV	990.580,24		274.400,00	716.180,24
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	11.451.540,35	274.400,00	274.400,00	11.451.540,35
CAPITULO VI	842.149,04			842.149,04
CAPITULO VII	57.226,66			57.226,66
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	272.184,88			272.184,88
TOTAL	1.177.560,58	0,00	0,00	1.177.560,58
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.629.100,93	274.400,00	274.400,00	12.629.100,93

INGRESOS				
2018	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.978.944,91			4.978.944,91
CAPITULO II	80.000,00			80.000,00
CAPITULO III	2.097.785,77			2.097.785,77

CAPITULO IV	5.119.272,38	274.400,00	274.400,00	5.119.272,38
CAPITULO V	77.097,87			77.097,87
TOTAL	12.353.100,93	274.400,00	274.400,00	12.353.100,93
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	270.000,00			270.000,00
TOTAL	276.000,00	0,00	0,00	276.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.629.100,93	274.400,00	274.400,00	12.629.100,93

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**TERCEIRO.** Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2018 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

<b>LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:</b>	2,4%	11.194.839,85
<b>LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE ORGANISMO AUTÓNOMO: I.M.D.</b>	2,4 %	271.172,46

**CUARTO.** Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.027.290,10 €, e do I.M. de Drogodependencias 174.041,72 €

**QUINTO.** Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**SEXTO.** Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**SÉPTIMO.** Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.”

## PARTE RESOLUTIVA

### 2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE AS VIVENDAS EN ESTADO RUINOSO.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 8 da orde do día, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 29.01.2018

Páxina 3 de 32



1º.- A ruina é a consecuencia da inobservancia do deber de conservación dos inmobeis que lles corresponde aos propietarios. Cando a situación do inmovible é de ruina, o deber do propietario, xa non é o de conservalo, senón o de derrubalo ou rehabilitalo.

A lei 2/2016 do Solo de Galicia, establece no seu artigo 141, a competencia dos Concellos, cando algunha construción ou parte dela estivera en estado ruinoso, de oficio ou a instancia de interesado, para declarar esta situación e acordar a total ou parcial demolición, ou o procedente para garantir a seguridade, previa tramitación do oportuno expediente contradictorio, con audiencia do propietario e dos moradores, salvo inminente perigo que o impida.

O mesmo artigo no seu punto 2, recolle os supostos nos que procederá a declaración legal de ruina:

- cando o custe das obras necesarias excedese a metade do custe de reposición da edificación, ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo
- cando o edificio presente un esgotamento xeralizado dos seus elementos estruturais fundamentais

O punto 3 establece que en caso de incumprimento do acordado polo Concello , se procederá de conformidade co disposto no art. 136.4; e o punto 5 faculta ao Alcalde, baixo a súa responsabilidade, por motivos de seguridade, para dispoñer o necesario respecto da habitabilidade do inmovible e o desaloxo dos ocupantes, si existira urxencia ou perigo na demora.

Son varios os mecanismos que a lexislación pon a disposición dos Concellos para garantir a seguridade dos cidadáns, evitando os danos que poden derivarse para bens e persoas como consecuencia do derrubamento de inmobles en estado ruinoso.

2º.- Na nosa cidade existen multitude de inmobles en ruina. O PEPCHA, da conta de que dos 1029 edificios que compoñen o casarío obxeto do plan, o 8'75% está en mal estado e o 32'4% regular, tamén que o 42'37% das vivendas están baleiras e o 52'27 % si consideramos as construídas antes de 1960.

Si consideramos o resto dos inmobles, mais aló do que comprende o PEPCHA, as cousas non melloran pois atopamos un gran número de edificios deshabitados, en mal estado e mesmo en estado ruinoso.

De feito, nos últimos anos téñense producido derrubamentos nas rúas Rosalía de Castro, Leopoldo Calvo Sotelo, e o mais recente na vispera da Noitevella, o edificio n.º 159 da rúa Calvo Sotelo.

Neste último caso, téñense producido danos materiais nun vehículo estacionado nas inmediacións; un mal menor, si consideramos o risco que este edificio representaba para as persoas, si ese derrubamento se tivera producido ao paso da cabalgata que poucos días despois tería pasado polo lugar.

3º.- Son moitas as edificacións no noso Concello, que representan un risco para as persoas, xa sexa porque ameazan derrubamento polos danos estruturais que presentan, ou risco de caída de elementos que se poidan desprender das súas xanelas, galerías, fachadas ou cubertas.

Poderíamos citar moitas vivendas nese estado, sin que os seus propietarios, pero sobre todo, o Concello faga nada para garantir a seguridade das persoas que transitan polas súas inmediacións



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



Non é a primeira vez que este grupo advirte destes riscos e propón actuacións relacionadas con vivendas que representan un perigo para os viandantes.

Tamén temos coñecemento de escritos presentados por veciños demandando a actuación do Concello, en relación a edificacións ou solares colindantes que amenazan ruina ou risco para os veciños, os que non se lles ten dado resposta.

Por eso, agora, á vista do recente derrubamento producido na rúa Calvo Sotelo, e os riscos que representou, interesamos do Concello, unha actuación mais ambiciosa a fin de elaborar un inventario de edificios en ruina ou risco de derrubamento ou desprendemento de elementos sobre a vía pública ou outras vivendas colindantes, a fin de requerir os seus propietarios para que adopten as medidas de aseguramento necesarias, ou, de ser o caso, as adopte o Concello á sua costa.

Por tal motivo, o Pleno, por sete votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e nove abstencións (Grupo Socialista e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

### ACORDO

#### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

- 1.- A elaborar un inventario de edificios en ruina ou risco de derrubamento ou desprendemento de elementos sobre a vía pública ou as vivendas colindantes, no Concello de Monforte.
- 2.- A requerir aos seus propietarios, para que adopten as medidas de aseguramento necesarias, e de non facelo, a adoptalas o Concello á sua costa, sen prexuízo dos expedientes que proceda incoar por tal estado.”

No debate deste asunto e o do punto 8 producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que se refire ao derrubamento habido o 30 de decembro na rúa Calvo Sotelo. Aconteceu de madrugada, puido ser a outra hora con danos de máis transcendencia. Xa pedíramos a ampliación da zona ARI. Non vale mirar para outro lado. Se ben está a responsabilidade dos propietarios, tamén o Concello ten obrigas e responsabilidades. Le o segundo parágrafo do apartado 1º da exposición de motivos da súa moción e o punto 2 do acordo que se propón nela. Debemos aprobalo para darlle seguridade aos veciños. (O Sr. Alcalde di que o derrubamento foi o día 31 ás 4,45 horas).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van a medidas distintas ás da moción do PP. Le a súa moción, con algunha explicación adicional. Esperamos contar co apoio dos outros grupos.

De Dna. Mª José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que desculpa a ausencia de Dna. Pilar López por motivos laborais. Isto é algo que vén de hai moitos anos. A cidade ten sinais de declive ou decadencia. Hai un conxunto de factores que inciden no das vivendas. Hai menor poboación, as casas non habitadas teñen tendencia a deteriorarse. A lexislación urbanística dende sempre esixe aos propietarios. Non hai que discutir a responsabilidade porque é deles, senón o papel do



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



Concello, que pode facer un listado ou inventario do estado dos edificios do casco histórico e do ensanche, tamén por dentro, non só as fachadas, que ás veces aparentan o que non é. Patrimonio da Xunta non axudou, non deixaba tirar porque quería manter cousas inviables. Logo está a casuística, ás veces hai máis dun propietario, algúns renuncian, unha lea. Se lle pasan a propiedade ao Concello, interesará iso? Os problemas están na realidade social. O Concello algunhas cousas pode facer. Diremos no que estamos de acordo cos apartados das mocións na seguinte quenda.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que é evidente o risco dos edificios ruinosos. Non só no casco histórico e urbano, habería que abrir o abano a zonas rurais, onde tamén hai edificios en perigo. É necesario un catálogo, que xa o Plan Xeral paralizado en 2013-14 o prevía, de vivendas en estado ruinoso. O costume é actuar cando pasa algo, hai que previr, adiantarnos na medida do posible aos acontecementos.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di ao PP que a súa moción ten relación co Plan Especial. Queremos levalo adiante de acordo con todos. O problema non é fácil, coincido cos non adscritos. O PP nada fixo e así foi tamén nos doce anos seguintes. A situación non é nova. Coindimos coa falta de colaboración e mesmo intransixencia de Patrimonio. O primeiro punto do acordo da moción do PP é un inventario que está no Plan Especial, sobre o segundo punto temos dado instrucións para que así se faga; como se pide o que xa se fai, ímonos abster. Respecto á moción de Esperta Monforte, encantados de que a Xunta cumpra as súas leis. Cando a Lei 9/2002 gobernaba aquí o PP, despois o BNG de 2003 a 2015, e agora estamos nós. Sobre o punto 1 do acordo que se propón, cremos que a oficina de urbanismo funciona razoablemente ben, unha praza de arquitecto require RPT e está será no próximo mandato. O do punto 2 estará no Plan Especial. Sobre os puntos 3 e 4, non hai circunstancias políticas para facer ordenanzas. Votaremos en contra polo momento no que se propón, agora non é posible

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que deberíamos estar todos de acordo nisto. Tanto cos actuais non adscritos como co Partido Socialista, no entorno dos anos 2010 a 2017, quedaron pendentes de executar accións de rehabilitación na ARI por importe de 863.700 euros, e tampouco foi investida a partida de infraestruturas da zona. Se non se aproveitou, é curioso vir agora coas críticas. Rexeitaron a ampliación da ARI ata 2014 tras unha iniciativa do PP. Eu tampouco concordo con moitas cousas de Patrimonio, pero o Concello pode facer cousas. Dille ao Sr. Torres que o Plan Especial foi ao caixón co goberno tripartito do 2003. Lamento que se absteñan. Onde está o catálogo? Como fan para requirir sen unha relación de propietarios? Unha cousa é un expediente e outra unha actuación de carácter xeral.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non hai variñas máxicas nin é marabillosa a solución que propoñen. Pero hai que facer algo e non mirar para outro lado. Sobre o punto 1 da nosa moción, parece que se gobernan, será orzamentado na próxima lexislatura, pero non é a única maneira de facelo se hai vontade política. Le o que di a Lei de Orzamentos do Estado para permitir a contratación temporal en caso de necesidade urxente e inaprazable. É o que poñemos no punto 1, que é urxente e inaprazable. Asinaría parte do argumentario de M<sup>a</sup> José Vega, pero fronte á realidade hai unhas leis, que aínda con dificultades e os atrancos de Patrimonio, dá maneiras de facer cousas, o que resulta imposible sen unha oficina de urbanismo axeitada.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que lle di á portavoz do PP que está de acordo co do inventario. Non carguei as tintas con Patrimonio -fíxeno cos propietarios-, pero algún expediente facíano imposible.



Disinto co punto 2 do acordo de que o Concello faga o que o propietario non faga. É ao revés, hai que dirixirse ao propietarios con sancións, e actuar só en escasos casos. Non deben os fondos públicos ir a propiedades privadas. Hai inviabilidade económica para acordar iso. O Concello só debe actuar en casos excepcionais. Da moción de Esperta Monforte, non consideramos que a praza de arquitecto do punto 1 sexa necesaria de inmediato e tampouco vemos necesario o do punto 3. Si estamos a favor dos puntos 2 e 4.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que apoian as iniciativas sobre isto, aínda que coinciden cos non adscritos respecto ao punto 2 da moción do PP.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di ao PP que parece que antes non había nada disto. Hai oportunismo. Cárganlle ao Concello o que non fan a Xunta e os propietarios. Non se devolveu un só euro dende este equipo de goberno. Que o goberno do PP da Xunta dea axudas igual que facía o goberno socialista. Dille a Esperta Monforte que a oficina de urbanismo funciona ben. Hai actuacións máis urxentes, mirémolo cunha visión máis repousada.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que cre que a Sra. Vega e o Sr. Torres non entenden a súa proposta, porque non hai fondos públicos para casas privadas. Requirir medidas de aseguramento non é igual que as rehabilitacións e outras accións. Esperamos a que caia para sancionar ao propietario? Actúase se hai riscos para a seguridade. Dille ao Sr. Torres que é el o que chega agora. Esta cuestión é moi urxente, o perigo o outro día viuse cun coche, pode darse tamén cun veciño. Respecto á moción de Esperta Monforte, coincido coas dificultades para contratar un arquitecto, pero cremos que debemos telo na RPT. O catálogo que se propón non é igual que o noso inventario. Nas ordenanzas, de acordo. Imos apoiar a iniciativa, aínda que consideramos suprimible o de inmediato no punto 1.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non desmerecen ao Aparellador e á Oficina de Rehabilitación. Non temos ordenanzas que talvez teriamos, e tamén o catálogo, se a oficina de urbanismo estivese dotada adecuadamente. A inmediatez é de vontade política, concellos máis pequenos que Monforte teñen esa dotación. Non sei se a Sra. Vega quere unha votación por puntos, non teño inconveniente. Dille ao Sr. Torres sobre as dificultades políticas para as ordenanzas que se poña a facelas. Convóquenos, conte con nós, non poña esa desculpa. Lamento que se lle dea pouca importancia á praza de arquitecto, aínda que din que queda para a próxima lexislatura, tómoo como promesa electoral.

(Para a votación sucesiva das dúas mocións debatidas, a de Esperta Monforte faise punto por punto).

### **3. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN PARA PROCURAR UNHA SOLUCIÓN AO PROXECTO DE PRODEME NO NOSO CONCELLO.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez, Dna. Purificación Argiz Quintas e Dna. Pilar Espinosa Novelle).



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Este mes coñeciamos a nova de que a Asociación Prodeme paralizaba o investimento do novo centro produtivo que tiña previsto para o Polígono do Reboreda. A razón fundamental reside na incompreensión por parte do actual Goberno Municipal, para aplicar a redución do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), de tal xeito que se incremente do 30% ao 90% a bonificación a entidades de carácter social e sen ánimo de lucro ou declaradas de Utilidade Pública do noso concello que realicen obras vinculadas cos seus fins sociais.

Esta modificación da Ordenanza fiscal do ICIO, foi aprobada pola maioría do Pleno da Corporación do Concello de Monforte na sesión ordinaria do pasado 18 de decembro.

A maiores, existe un informe da Secretaría do Pleno sobre a “*Legalidade de mocions sobre modificacións da Ordenanza Fiscal do Imposto Sobre Construcións, Instalación e Obras (ICIO)*”, cuxa conclusión expón: “*Dun simple exame da normativa legal, dos acordos das mocions e do regulado actualmente polo Concello, resulta evidente a legalidade do proposto nas mocions, que non acadan co 90% de bonificación que coinciden en propoñer o tope legalmente permitido, que é do 95% de bonificación*”. Queda clara, polo tanto, a legalidade da proposta.

Entendemos que o proxecto proposto pola Asociación Prodeme, resulta estratéxico para o desenvolvemento de económico e social de Monforte, sobre todo na actual situación de parálise económica que vive a cidade.

Ao mesmo tempo, cómpre salientar que a realización deste proxecto suporía unha carga de traballo para varias empresas de Monforte (que normalmente son coas que Prodeme contrata a execución dos seus proxectos), que desta maneira verían garantido o mantemento dos seus postos de traballo dunha maneira máis estable.

Con todo isto, o que dende logo non entendemos, é como o alcalde ten paralizado esta modificación da Ordenanza, impedindo que o proxecto se poña en marcha e, ao mesmo tempo, poderse beneficiar todas as entidades sociais sen ánimo de lucro existentes no noso concello.

Parécenos unha actitude profundamente grave e irresponsable que un mandatario público poida boicotear así proxectos, lastrando o progreso da cidade. Ademais de seguir na súa tónica de incumprir os acordos que adopta a maioría do Pleno.

Neste sentido e entendendo que a solicitude se axusta a dereito, o Pleno municipal, por nove votos a favor (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

## ACORDO

1. Instar ao Goberno Municipal para que, constituía unha comisión de traballo (formada por un representante dos concelleiros non adscritos, de Espertamonforte, do Bloque Nacionalista Galego,

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 29.01.2018

Páxina 8 de 32



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002599700P0O4G3S3W5B9 en la Sede Electrónica de la Entidad

### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51

DOCUMENTO: 20180154007





- do Partido Popular, do Partido Socialista e un representante de cada unha das asociacións sociais que traballan no noso concello e desexen formar parte da mesma) co obxectivo de buscar unha solución favorable ao proxecto da Asociación Prodeme en Monforte, e aplicar de maneira efectiva as bonificacións aprobadas tal e como establecía o acordado no anterior Pleno de decembro.
2. Que no prazo dunha semana o Sr. Alcalde proceda a convocala e, de non facelo, se proceda á súa autoconvocatoria urxente por parte de todos os portavoces do resto dos grupos políticos da Corporación Municipal, para o que se lle comunicará ao concello o día e hora no que se vai utilizar a Sala de Xuntas para a devandita reunión.
  3. De non actuar o Sr. Alcalde segundo este acordo ou de chegar incluso a poñer atrancos para o punto 2 do mesmo, procederase a solicitar un pleno extraordinario nos termos previstos do artigo 46 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que no mes de Nadal foi aprobada a proposta de varios grupos de modificación do ICIO para pasar unha bonificación do 30% ao 90%. A ordenanza nunca foi ilegal, porque o 30% era legal, e subila ao 90%, cando a Lei de Facendas Locais permite ir ata o 95%, tamén é legal. O Alcalde creou unha polémica preocupante por dúas razóns: por non quererlle facilitar a vida a unha iniciativa de Prodeme, que merece respecto e consideración –tamén se beneficiarían outras empresas de Monforte-, e porque os acordos plenarios, se non lle gustan, non os vai cumprir. Non pode dicir que ten informe de que é ilegal, acúsanos aos outros de prevaricar. O informe do Secretario di que é legal. É preocupante que non acepte o acordo plenario.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que esta moción vén intentar que se faga o que acordamos que hai que facer. O Alcalde equivocouse con este tema, con consecuencias no mundo da discapacidade. Esperta Monforte tivemos unha reunión con Julio Cortiñas, de Prodeme, non está de acordo con obrar sen licenza, xa ten rexistrada unha solicitude de licenza. Deixemos o capricho dun mal entendemento e poñamos solución; se a maneira é unha comisión, imos apoiar esta moción. Non vexa un problema contra o equipo de goberno, pense no mundo da discapacidade e nas empresas de Monforte.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que todo o mundo coñece a telenovela sobre isto. Suscribo o dos non adscritos, se é ilegal, estaríamos prevaricando. O que pediamos era legal, pasar do 30 ao 90% para obras de utilidade pública, para o que é competente o Pleno. Temos acordado iso co 30%, outras bonificacións son do 90%, que o sexan tamén estas. Non só prexudica a discapacidade, dixo o Alcalde na radio que non pode haber cartos a cambio de nada, non é así; non coñezo discapacitados contratados polo Concello, non pode facer esa acusación a quen lles dá ocupación. Dixo tamén que manipulamos ás asociacións, son capaces de entendela sen ter que manipulalas. Podemos aplicar o acordo a outras obras. Tanto supón no orzamento municipal? Por que traslada cousas persoais ao ámbito municipal? Un proxecto importante dun millón de euros non segue adiante pola súa actitude, un proxecto que tería repercusión en moitos. Pensem ademáis noutras obras doutras asociación. Ten que reflexionar, pasou co Hotel Comercio ou coas parcelas do Polígono do Reboredo, unha falta de entender o que é de sentido común. Antepón o ego persoal ao interese de toda a veciñanza. Xa non é que non queira cumprir o que é competencia do Pleno, é arremeter contra as asociacións.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que volvemos con este tema tan publicitado. Nós apoiamos as mocións do anterior Pleno ordinario, como apoio a tódalas asociacións que traballan na integración social. Invitamos ao Alcalde a recuar no preciso; redundando noutras intervencións, hai que parar isto, é unha noria que xa deu moitas voltas. Só se para sentándose e limando o que sexa preciso. Máis alá de que o acordo sexa legal, hai que buscar solución a este problema. Se o acordo ten algún fallo legal, miremos de solucionalo. Sobre a moción en si, no primeiro punto a acordar está o de quen forma parte da comisión, pero ao final o punto é para aplicar o acordado. Os puntos 2 e 3 dependerán dese primeiro, a comisión de traballo pódese facer.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que na redacción desta moción Dna. Pilar López bótase ao monte. Oficialmente, por rexistro, o Concello non coñece proxecto algún de Prodeme. O primeiro é que Prodeme cumpra a lei. A Ordenanza do ICIO foi aprobada o 23 de outubro e o 18 de decembro sen votos en contra. Publicada con carácter definitivo no BOP, está plenamente vixente e ímola cumprir. A moción é unha ensalada rusa impresionante. Aprobamos a ordenanza e despois fan unha moción contraria a ela. As mocións poden pedir o que queiran. O informe de Secretaría que di que é legal o 90% ao non acadar o 95% legalmente permitido, di tamén que “outra cousa é a posible confusión, ao estar relacionadas as mocións co solicitado por unha determinada asociación, co resolto no mesmo Pleno ordinario de decembro, antes de tratar as mocións, sobre dita solicitude, para a que se entendeu que nos termos que estaba formulada non se correspondía con ningunha das bonificacións legalmente previstas, incluída a que figura nas mocións”. Non poden falar de parálise económica quen nos precederon. A moción encerra rédito político. Cumprimos o que é competencia do Pleno, non todo o que se lles ocorra. A comisión que se propón non está contemplada na lei, o artigo 123 do ROF di que só poden integrala os membros da Corporación. Debemos deixar este espectáculo. Non imos caer en provocacións e caprichos de ningún.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que di que non vai entrar nun mal xuízo a quen non está presente. Entendo que se Prodeme fixo unha petición non acorde coa normativa legal, non acertou. Por iso, apoiamos con outros grupos facelo como era debido para corrixir o erro. Modificar o punto 7.e) da ordenanza ata o 95% é legal, ese tope é potestativo. Pode preguntar porque non se subiu no pasado máis do 30%, pero ese argumento non vale.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que escoitamos unha vez máis como se quere confundir a petición de Prodeme coas mocións. Dende o Concello, puídose solucionar se tivese habido vontade de atender dita petición. Vólvese confundir as mocións, que son perfectamente legais segundo o Secretario, co acordo das ordenanzas. Se entendín ben ao Sr. Torres, non hai ningunha solicitude de licenza; é un erro, porque o 24 de xaneiro Prodeme solicitou licenza de obra e a bonificación do 90% segundo o acordo plenario do 18 de decembro de 2017. Ao final do Pleno, farei unha pregunta *in voce* sobre isto mesmo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que vaia papelón, outra vez, o do Sr. Torres. Debería defender o Alcalde o que é del. O ICIO é de devindicación non anual, pódese modificar en calquera momento. Deuse conta da solicitude de Prodeme, non se votou. Di que cumpren os acordos que son competencia do Pleno, podemos recompilar pílulas ditas sobre isto, porque estamos fartos de acordos que non se cumpren, menosprezando aos cidadáns que representamos. Vén aquí o Sr. Torres a enredar e faltar á verdade. É unha comisión de traballo, non informativa ou especial. A moción é focalizable en Prodeme e extensible a outras asociacións. Podemos reunirnos con elas.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que reitera o apoio a estas asociacións. Esta Cámara fixo unha proposta con tres iniciativas que foron aprobadas. Darlle voltas é marear a perdiz. Se hai vontade, faise. Pódese falar, bríndome a facer de mediador. Se esa bonificación por algún motivo non está na legalidade, que non é o caso, busquemos solución.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. M<sup>a</sup> José Vega que a lei distingue o que é legal e o que non. Petición non acorde é eufemismo, ou é legal ou non. A ordenanza que vostedes votaron a favor é a que se vai aplicar. Dille a Dna. Maribel García que non ve que as mocións poidan corrixir o acordado e que previo a todo este debate, non había nada presentado. Dille a Dna. Julia Rodríguez que non lle consente que diga que non teñamos sensibilidade social e que os acordos de competencia do Pleno cúmprense todos, non así os que pretenden invadir competencias do goberno municipal.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que di que tamén o Alcalde fixo un alegato sobre a ilegalidade da obra no Polígono. Iso ten unha canle urbanística, pero nada que ver coa bonificación fiscal, son debates diferentes. Non sei se está ben sacalo en público, cando un está gobernando ten que tratar a todo o mundo por igual. Isto non é o IBI, pódese cambiar o ICIO en calquera momento. Queremos luz nun conflito que nunca se debeu crear. Se vostedes están en minoría e pasan dos dous terzos da poboación, apaga e vámonos. Cando nós eramos sete, o Alcalde non tiña a gala non facer o que me digan que faga.

#### **4. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA RESOLVER O PROBLEMA DE RISGA DENTRO DO COLECTIVO DE ETNIA XITANA.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro, a Renda de Inclusión Social de Galicia máis coñecida como RISGA é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema Galego de Servizos Sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

Para poderen ter dereito a solicitar a renda de inclusión social de Galicia as persoas que se encontren nunha situación tecnicamente valorada de exclusión social ou en risco de exclusión, deben de reunir unha serie de requisitos como son:

- Ter residencia efectiva e constatada polos servizos sociais comunitarios polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración.
- Ter residencia legal.
- Ter máis de 25 anos.
- Dispor na unidade de convivencia de ingresos inferiores ao tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispor de ben patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



- Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade de lles prestar alimentos de acordo coa lexislación civil.

O certo é que nesta última convocatoria da Xunta de Galicia estase a producir un feito un tanto complexo e de difícil solución, pero que, como representantes políticos e xestores públicos temos a obriga de atender. Estámonos a referir a persoas de etnia xitana, que podendo acollerse a esta prestación non poden facelo por vivir no seu poboado e non estar vivindo nunha vivenda alugada. O problema é que sabemos dalgún caso, no que dun xeito, case que desesperado, están na procura de poder alugar un piso ou unha casa pero atópanse co problema de que ninguén lles quere alugar, o que conleva a que non poidan acollerse a esta axuda.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

1. Instar o equipo de goberno a que se dirixa á Xunta de Galicia para ver de resolver esta situación, mesmo posibilitando o acceso ás vivendas sociais existentes na nosa cidade e que a día de hoxe están desocupadas.
2. Mentres a Xunta de Galicia non resolva este problema, que o concello lles preste a través dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos as axudas convenientes de Emerxencia Social.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que le a moción, con algún comentario adicional, e o que nela se propón acordar.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é un tema difícil pero non hai que esconder as orellas. É un asunto moi debatido o da RISGA, a cantidade é pequena, pero algúns malviven con iso. Hai que fiar fino neste tema, non sacalos dun gueto para metelos noutro. A moción ten interese, imos votar a favor. A relocalización ten que ser con sentidoño, para mellorar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que comparten o dito sobre as dificultades das persoas de etnia xitana. O entorno das Lamas no é o axeitado, cómpre unha reflexión sobre se temos feito algo por un ambiente digno. Hai familias que queren saír de alí, noutros casos non hai ese afán, pero non viven en condicións dignas. Na RISGA trabállase para que saian dese bucle no que están. É verdade o da residencia e que as condicións nas que están non cumpren co requirido. O problema non é só coa etnia xitana, tamén outras persoas teñen dificultades. De acordo coas axudas do Concello mentres isto non se resolva. Imos apoiar esta iniciativa. Cremos que non hai que circunscribilo á etnia xitana, senón a quen estea nesa situación.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que é motivo de vergoña os prexuízos sociais existentes. Ás veces tamén esquecemos que é unha cultura distinta, é difícil dar coa tecla apropiada. Apoiamos o acordo, incidindo sobre todo no punto 1. Concordamos co PP en que sexa extensible a máis persoas en situación de exclusión social. Hai cifras importantes de pobreza e de pobreza severa.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



De Dna. Gloria Prada Rodríguez, Concelleira de Servizos Sociais, como portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que en abril de 2016, tivemos coñecemento da notificación da RISGA aos das Lamas cun prazo para trasladarse de vivenda ou se non, a perda da axuda. Estudouse por Servizos Sociais, os técnicos da Consellería dixeran que era unha decisión que viña de Santiago. O Alcalde, preocupado, contactou directamente co Conselleiro, polo prexuízo tan grave a este colectivo. Foi remitido á Dirección Xeral de Servizos Sociais que á súa vez o remite á Dirección provincial de Lugo. O 12 de xuño de 2017 houbo unha reunión desta Concelleira e da Coordinadora de Servizos Sociais cos de Lugo, que dixeran que era unha instrución dende a Dirección Xeral en Santiago de Compostela. Consequimos que non se penalizase aos que tiñan a RISGA e que se lles repuxese aos que se lles quitara. En Servizos Sociais nunca se entendeu que fose un requisito, víase como un compromiso. Era un obxectivo a longo prazo para os colectivos en exclusión social, pero seguían dicindo que había instrucións de Santiago. Pola nosa parte, formulamos: realoxamento en vivendas do IGVS, indagación sobre vivendas en “Valle de Lemos” –pero a Xunta di que son de particulares-, o bono vivenda –única solución que se viu na reunión en Lugo co IGVS- non é viable porque non alugan as vivendas os propietarios. Recollida información doutros concellos, uns non coñecían a problemática, outros non sabían como actuar. Hai un programa de vivenda exclusivo para o realoxamento dos veciños das Lamas, pediuse a subvención en agosto de 2016 e foi concedida en outubro ata maio de 2017. Cambia o rumbo do feito con este colectivo. Fíxose intermediación inmobiliaria e bancaria, información cos pedáneos, etc. Sigo na segunda quenda.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que non sabe en que quedou todo o que se traballou, pero problemas hai de retirada da axuda. Non entendemos por que se solicita un aluguer ao seu nome. A poboación xitana necesita isto, pero necesitamos todos axudas a esa poboación; pode, se non, haber delincuencia, que a xustifico máis que a dalgúns cargos públicos. O que interesa é que a xente traballe, está ben o control da axuda.

De Dna. Maribel García Díaz, que agradece a información de Gloria Prada, pero lamenta que o Alcalde non a deixase rematar. É un tema a tratar con seriedade.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que nos últimos 25 anos, hai un 75% menos de xitanos en chabolas. Hai que actuar de maneira factible. Espero a saber da Concelleira responsable o que finalmente se resolveu. Que a maioría dos xitanos se integren, é un obxectivo tamén fronte ao fracaso escolar. Na formación está a clave, de pouco serve unha vivenda sen unha vida digna.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que reincide no compromiso da sociedade coa etnia xitana e outros grupos marxidados, para a integración plena na nosa cidade. É complicado, pero hai que intentalo.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, que di que foi publicitada a adhesión ao programa de vivendas baleiras. Fixéronse informes dende Servizos Sociais para evitar a perda das prestacións. Hai unha nova subvención para o período de agosto de 2017 a abril de 2018. Tramitouse unha segunda RISGA para as que foron perdidas. Dá datos e cifras de axudas do Concello para emerxencias sociais, para necesidades básicas e para necesidades enerxéticas. Este grupo de goberno actuou en pouco tempo nun problema de máis de vinte anos, non só por problemas puntuais coa RISGA, hai unha educadora social que traballa para eles. O resultado son seis familias realoxadas e tres pendentes, polos propios medios ou por



vivendas baleiras. Agora só hai unha familia con perda da RISGA. Os demais téñena ou teñen recibido outras axudas, está tamén o obradoiro de emprego. Estamos na liña da moción, imos apoiala.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que expresa os seus parabéns á Concellería e ao equipo técnico. Que complicada é a Administración! Tantas reunións e voltas para solucionalo! Bótase de menos máis contacto con quen coñece estes problemas. Que isto sirva para que as cousas se axilicen sen tanto tempo perdido. A economía vai ben, pero a pobreza persiste, vaíamos cara a solucionalo. A moción é sobre unha etnia concreta, pero é xeneralizable para a poboación en situación de pobreza. (O Alcalde di que concorda no de máis poboación afectada).

## 5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELLORA DA ESTRADA N-120.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández e Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A estrada N120, é unha das vías máis concurridas e da que Monforte conta con 11 quilómetros do seu percorrido. Recentes estudos, confirmaron que esta vía é a que ten un nivel máis alto de sinistralidade, de feito case de continuo podemos ver novas sobre accidentes acontecidos na mesma.

O estado do firme de esta estrada é claramente precario e o seu mal estado provoca parte dos continuos accidentes que se producen nesta vía. Por isto é necesario que o arranxo da N-120 sexa algo urxente é prioritario.

Por todo o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

1.- Instar ao equipo de goberno a que se dirixa a Fomento para que de xeito urxente arranxe o firme e acondicione esta vía nun óptimo estado para o seu tránsito.

2.- Sen perxuízo do anterior, dar conta deste acordo aos concellos da comarca polos que pasa a devandita estrada para que, se así o creen preciso, se unan a esta petición.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que este problema é coñecido e sufrido. Non sei que causa pode ser de que se esnacasen os tramos novos de dobre vía, se un material inadecuado ou un traballo non ben feito. A favor da moción.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén van votar a favor. Engadiría ao mal estado do firme, que limitados os tramos de adiantamento, como vía de alta sinistralidade, están sen borrar liñas anteriores, o que dá lugar a confusión. Poría o pintado ademais do arranxo do firme.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar calquera iniciativa a favor da seguridade viaria. Refírese a moción aos 11 kilómetros do noso Concello ou tamén a outros tramos? Ten habido melloras en accesos e en adiantamentos. Imos apoiar, pero aclárenos iso: o arranxo do firme de Logroño a Vigo ou nos 11 kilómetros de Monforte.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que coinciden no perigosa que é a N-120. A concentración de accidentes é elevada, ligado a un mal deseño e ao mal mantemento que se fai, pódese dicir que non existe mantemento. É necesaria unha capa de rodadura. A moción é razoable e ímola votar a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que agradece os apoios á moción. Dille a Esperta Monforte que no acondicionamento óptimo que se pide, enténdese o pintado e demais. Dille ao PP que se se arranxase toda, falta lle fai, pero que se refire ao tramo que vai dende a conexión coa A-6 en Toral de los Vados ata Ourense. Ímoslle poñer ese tramo.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que van votar a favor. A reflexión é a ver se aprendemos a traballar conxuntamente. Por que hai dúas entradas de autovías a Galicia en lugar dunha entrada por Monforte?

De Dna. Maribel García Díaz, que engade ao anterior por que tres aeroportos que nos están arruinando ou por que o AVE non será alta velocidade. Consequimos que o do Porto sexa o mellor aeroporto de Galicia.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di á anterior interveniente que o AVE a Ourense vai ser alta velocidade. Apoiamos esta iniciativa.

(D. Iban Torres Rodríguez renuncia á segunda quenda).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que comparte as reflexións habidas. Intentemos solucionar o que está feito.

## 6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á SEGURIDADE NOS PASOS DE PEÓNS.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Julia Rodríguez Barreira).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:



## “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Nas últimas datas en Monforte acontepeceron varios atropelos de peóns, mesmo algúns nos propios pasos de peóns. Por iso é necesario actuar para procurar que deixen de ocorrer estes tráxicos accidentes, atallando de cheo a causa dos mesmos, ben sexa por problemas de acondicionamento dos propios pasos de peóns, como por imprudencias cometidas por un dos implicados no sinistro. Tamén hai que lembrar que é un tema que preocupa a nosa veciñanza

Por todo o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

Instar ao equipo de goberno e por conseguinte á concellaría de tráfico a:

- 1) Facer campañas periódicas encamiñadas a paliar este problema, que ben poden ser:
  - a. Concienciación da cidadanía tanto viandantes como condutores no uso e respecto dos pasos de peóns.
  - b. Un maior control da policía municipal no referido a este tema.
- 2) Iluminar correctamente aqueles pasos de peóns onde a visibilidade sexa reducida ou inexistente.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción con algunha explicación adicional. Gustaríame contar co apoio dos demais grupos e que o grupo de goberno o cumpra.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que está totalmente de acordo. O voto é a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén está a favor. Esperta Monforte ten traído iniciativas neste senso. É unha situación á que non se lle está dando solución. Dou fe de que pola rúa Chantada van coches a 80 kilómetros por hora, é bo algún sistema de control de velocidade.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que efectivamente na rúa Chantada é necesario actuar non pasos de peóns, temos dito que non están ben sinalizados. Imos apoiar a iniciativa.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que prudencia debemos tela todos, extremando a precaución os condutores. A iluminación é unha preocupación do grupo de goberno; se os técnicos propoñen melloralala, faremos o posible. Seguimos na liña de apoiar mocións, a favor desta.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que agradece o apoio e esperar que se cumpra o acordo.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51





## 7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA SOLICITAR A SUPRESIÓN DOS PASOS A NIVEL DE MONFORTE DE LEMOS.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

O pasado 20 de decembro producíuse un atropelo mortal no paso a nivel da florida, unha nova vítima a sumar aos acontecidos nos numerosos pasos que existen na nosa cidade.

A existencia dun paso a nivel implica xerar unha situación de risco ao confluír nun punto diferentes tipos de tráfico, ferroviario, rodado e peatonal, como mínimo. Na nosa cidade atopamos 6 pasos a nivel dentro do casco urbano o que a convirte na cidade con máis pasos, en menor distancia, de toda España. Esta situación condiciona o desenvolvemento da cidade e aumenta significativamente o risco de accidentes mortais.

Nestas circunstancias debemos analizar as condicións que dende un punto de vista legal fan necesaria (por obrigatoria) a supresión dun paso a nivel:

- A Orde do 2 de Agosto do 2001 pola que se desenrola o artigo 235 de regulamento da lei de transportes terrestres, recolle a obriga (sempre que sexa posible e así o indica) de suprimir os pasos a nivel cuxo **momento de circulación (MC)** sexa superior a 1500.

**MC = A x T.**

**A = nº automóbiles que cruzan as vías.**

**T = nº que indica a media de trenes que circulan polo paso, considerando un cómputo anual para o nº de trenes.**

En función destes parámetros e según os datos de ADIF os **MC** dos pasos monfortinos son:

- Paso da Florida: MC = 167.000.
- Paso do Reboredo: MC = 39.124.
- Paso de Francisco Moure: MC = 34.721.
- Paso de Juan Montes: MC = 4.892.
- Paso de Rioseco: MC = 1.727.

**Todos superan con creces o MC de 1500**

- O artigo 18 do regulamento do sector ferroviario (R.D.2387/2004 do 30 de decembro 2004) establece no seu punto 9 que a supresión de paso a nivel, a súa reordenación e no seu caso os sistemas de protección de éstos, serán pola conta dos organismos ou entidades que teñan ao seu cargo as estradas se o factor **A do seu MC** é igual o superior a 250. Será pola conta dos organismos o entidades que teñan ao seu cargo a infraestrutura ferroviaria se o factor **T de su MC** é igual o superior a 6.

No caso de que se se produzan simultaneamente ambos supostos, o coste da obra repartirase entre as entidades interesadas.

Existe outro factor determinante, segundo o regulamento do sector ferroviario para a supresión dos pasos a nivel que supón que “non existirán pasos a nivel en liñas nas que a velocidade da circulación ferroviaria sexa superior a 160 Km/h”. En función dos deseños previstos para futuras liñas entre Lugo e Ourense de velocidade alta, prometidos por os nosos políticos, serían necesario suprimir os pasos a nivel existentes en todo o traxecto.

Por todo o exposto anteriormente, o Pleno, por once votos a favor (Grupos Esperta Monforte, Socialista e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

Demandar ante as entidades correspondentes en cada caso as actuacións necesarias para a supresión dos pasos a nivel que afectan a nosa cidade.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción. Explica que non é o mesmo velocidade alta que alta velocidade.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que anuncia o voto a favor. É unha reivindicación que xa levamos anos téndoa. Hai unha normativa para suprimilos, debemos ser os últimos niso dos afectados por pasos a nivel.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di a Esperta Monforte que dicir que o AVE a Ourense non vai ser de alta velocidade, é como negar que o sol vai saír mañá. Non se axusta a realidade que no tramo Ourense-Lugo non vaia haber mellor velocidade. Fixo a solicitude da moción o 24 de xaneiro, o 3 de xaneiro anunciárase a supresión dos pasos a nivel, que xa fora dito en setembro. Vén con algo que se está licitando. Estamos a favor de que se eliminen os pasos a nivel, pero abstémonos porque vostede tráeo cando xa se está niso. O Alcalde tamén fixo xestións sobre isto. Non depende da súa iniciativa, todos coincidimos e vaise producir.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que é parecido ao dos pasos de peóns. Hai accidentes que ocorren, que ás veces non chegan a ocorrer; que se poñan as pilas os de Adif, como no caso de avarías nos pasos a nivel, por exemplo en Francisco Moure, onde non hai máis accidentes por sorte ou destino. Imos apoiar esta moción.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que houbo un proxecto en 2010 con José Blanco de ministro, que o PP paralizou en 2011. Non ten habido melloras nin na liña de Ourense-Ponferrada nin na de Monforte-Lugo. Anúnciase agora. Polo accidente no paso da Florida, hai unha carta do Alcalde que lles vou ler. A carta di que o atropelo mortal no paso a nivel da Florida é un prezo inaceptable e ten habido máis mortos, a variante ferroviaria de Monforte está pendente, son seis pasos a nivel en total, no casco urbano son un perigo, por que causa se manteñen en Monforte; solicita



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



como Alcalde medidas de seguridade e prioridade para a obra da variante, para suprimir os pasos a nivel. A nosa preocupación queda clara, votaremos a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di á portavoz do PP que moitas veces se di o que ela dixo, como pura propaganda, e agora pode ser máis propaganda. Curiosamente non están explicitados os pasos a nivel de Monforte. Non son negativa, son bastante realista. Cando hai un problema, vostede vén con propaganda. O domingo houbo a manifestación da sanidade e apareceu o titular do Hospital de Monforte como máis eficiente. O mesmo en outras áreas: propaganda, engano á cidadanía. Cando sexa verdade o da supresión dos pasos a nivel, serei feliz, será un antes e un despois para Monforte. Esperemos que a variante non remate facendo da estación de Monforte un apeadoiro.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que están a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao portavoz socialista sobre o de 2010, que foi que non en 2011, que Zapatero e o bipartito prometían o AVE para 2012. Se quere ensínolle o que realmente pasou. Os monfortinos teñen memoria, para un bypass de hai moitos anos –antes de que gobernase o PP– houbo mobilizacións veciñais en contra. Dille á portavoz de Esperta Monforte que volve sobre a sanidade e trae isto que é iniciativa de Adif nun Plan para Galicia, non é de vostede nin do Alcalde. Díganlles a En Marea e ao PSOE que apoien os orzamentos do Estado para que isto se poida facer. Non depende de vostede, senón de Adif e xa está licitado.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que non ten máis que dicir.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di á portavoz do PP que ela si fala de tempos pasados, incluso de antes do PP. Faille balance das mocións á representante dos non adscritos: van sete e levamos aprobadas catro; se son serias, acéptanse. Deixémonos de cavilar e aprobemos esta moción.

De Dna. Maribel García Díaz, que agradece os votos a favor. Dille á portavoz do PP que ten unha mala escusa. Vostede trae cousas nas que tampouco inflúe para que se fagan. O que fai o seu partido, para vostede é fantástico. A realidade é que Monforte ten seis pasos a nivel, a propaganda da súa supresión lévoa lendo repetidamente. Sei que non se van suprimir pola miña moción. A ver cando é o momento de verdade no que se supriman os pasos a nivel.

## **8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA ABORDAR O PROBLEMA DA SITUACIÓN DE RUÍNA NOS INMOBLES DE EXTENSAS ÁREAS DE MONFORTE DE LEMOS.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 2 da orde do día, acórdase o seguinte en votación separada para cada un dos puntos do acordo proposto:

“Exposición de motivos.

Dende hai anos, o número de edificacións en estado de ruina, mala conservación ou deficientes, abrangue practicamente o 10 % do total de inmobles de Monforte, sendo especialmente



grave este proceso de deterioro progresivo no núcleo histórico e no barrio da estación, onde existen auténticos “buratos negros“, moi escasamente habitados e os veciños que alí residen están rodeados de edificios en mal estado.

Esta situación conleva aparelladas consecuencias moi negativas para a cidade; dada a perda patrimonial e a mala imaxe. Tamén para os cidadáns que están sometidos a riscos potenciais para a súa seguridade polo esborrallamento de edificacións sobre o espazo público.

Con motivo dos últimos esborrallamentos o Sr. Alcalde fixo unhas declaración, recollidas na prensa local que nos parecen moi desafortunadas porque nelas evidencia falta de capacidade para afrontar un problema tan grave, “descartando que vaia existir un cambio no control municipal sobre as edificacións en estado de abandono, limitándose a casos concretos ou denuncias”.

Esta actitude laxista, semella o comportamento da avestruz para non ver nin actuar ante un problema, en vez de afrontalo e tomar medidas.

Sabemos que, a obriga da conservación e de preservar as condicións de habitabilidade e seguridade do inmovible recae sobre os donos, pero o concello podería ser responsable se non exige o cumprimento da obriga.

Na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) contéplase dentro da regulación do deber de conservación e ruina, un artigo (Artigo 200 Inspección periódica de edificios) no que se dispón que os concellos deberán regular mediante ordenanzas municipais o deber de conservación periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación. Recollendo así esta obriga de Inspección técnica de edificios dunha maneira directa e clara que habilita aos concellos para a súa regulamentación.

Nin este goberno municipal, nin os precedentes teñen tomado medidas nin elaborado as necesarias ordenanzas nesta materia.

O Pleno, por dez votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

### ACORDO

- Elaboración dun catálogo de vivendas ruinosas, en malas condicións ou deficientes e ficheiro de identificación de propietarios (Existe en datos do proxecto de PXOM retirado).
- Elaborar unha ordenanza reguladora da Inspección Técnica de Edificios (ITE).”

O Pleno, por seis votos a favor (Grupos de Esperta Monforte e do PP), nove votos en contra (Grupo Socialista e concelleiras/o non adscritas/o) e unha abstención (Grupo do BNG), acorda:

**Non aprobar** os seguintes puntos do proposto na moción de Esperta Monforte sobre o problema dos inmobles en situación de ruína:

- A creación inmediata dunha Xerencia / Oficina municipal de Urbanismo ca dotación de persoal necesario. Consideramos neste aspecto urxente e non aprazable dispoñer dunha praza de arquitecto municipal con formación en urbanismo, seleccionado con criterios de mérito e transparencia.
- Elaboración dunha ordenanza municipal de conservación e estado ruinoso de Edificios.

## 9. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír o seguinte asunto:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ILUMINACIÓN NA PRAZA LUIS DE GÓNGORA E DA IGREXA DE SAN VICENTE.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Praza Luis de Góngora atópase no conxunto monumental de San Vicente, entre o Palacio dos Condes de Lemos, e a fachada lateral da Igrexa de San Vicente. Da acceso a esta Igrexa, ao Parador Nacional de Monforte e á Torre da Homenaxe.

Unha praza emblemática da nosa cidade, que carece da axeitada iluminación, acorde á súa entidade e á primeira impresión que o visitante recibe ao chegar ao conxunto monumental de San Vicente.

Son varias as queixas que temos recibido de veciños pero tamén visitantes que se queixan da ausencia de iluminación nesta praza.

De feito a iluminación que presenta en hora nocturna é a da farola que hai na fachada do Palacio Condal, e o foco colocado no muro de baixada a nivel do chan.

Existen na praza farolas municipais que están apagadas. Según a información da que dispón este grupo, porque cando se fixo a última reforma do vial de acceso a San Vicente, non se deixaron debidamente conectadas.

E existen focos específicos que noutrora iluminaron a fachada lateral da Igrexa de San Vicente, que tamén están inutilizados. Outros xa nin existen, como acontece co que iluminaba a fachada principal da igrexa.

Esta iluminación estaba destinada non só a dar á praza a necesaria cobertura lumínica, tamén a destacar a monumentalidade da igrexa.

Na actualidade, esa iluminación, tanto a necesaria para a seguridade dos usuarios, como a destinada a destacar o monumento, é inexistente.

Por tal motivo, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

#### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

A adoptar as medidas necesarias para mellorar a iluminación da Praza Luis de Góngora, a fin de dotala dunha iluminación acorde á súa entidade no Conxunto Monumental de San Vicente, tanto no que atinxe ao alumeadado público xeral para iluminar axeitadamente a praza, como á iluminación destinada a ensalzar e destacar a entidade do monumento”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di á portavoz de Esperta Monforte que fai unha lectura ao revés da recibida. Para vostede está mal todo o que fai o Partido Popular. Estou esperando que recoñeza algo da Xunta, por exemplo. Hai que traer cousas que non se están facendo. Procede a expoñer a moción en termos similares aos que figuran na exposición de motivos, con explicacións adicionais.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que van votar a favor. Paradores fixo unha boa iluminación. Esa praciña e San Vicente son importantes para a nosa cidade. Descoñezo se conta coa instalación. Á parte de poñer farolas, hai que actuar con sensibilidade na iluminación dese lugar.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que anuncia o voto a favor de Esperta Monforte. É unha praza importante e vela con boa iluminación cambia moito.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que tamén anuncia o voto a favor. Os beneficios dunha boa iluminación non teñen discusión. Incide na nosa moción sobre iluminación preventiva de atropelos.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que unha das prioridades do equipo de goberno é a iluminación de Monforte. Seguiremos cumprindo con iso. Neste dous anos puxéronse máis de 200 puntos de luz en máis de 20 rúas e prazas. Actuarase proximamente en 9 rúas e haberá melloras en outras. O lugar da moción é mellorable, alí fíxose unha mala obra. Todas as melloras que son susceptibles de facer, están na nosa axenda, todo xunto é imposible. Votaremos a favor, como cando as mocións son razoables e a favor da cidadanía.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece os votos a favor.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que di que parece segundo o portavoz socialista que os anteriores non humanizamos, que non se ilumina máis que agora. Xa non hai aquilo que dispuxo Montoro e a



oposición que nos obrigou a reducir a factura da luz. Se gobernamos doce anos, algo fariamos. Pouco menos que estabamos a escuras, non será para tanto.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que fai balance das mocións: dúas en contra, catro a favor e unha abstención.

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### 10. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 13.12.2017 a 23.01.2018; con dación de conta específica da Resolución do 11/01/2018 referente ao despedido dunha traballadora do obradoiro de emprego (art. 21.1h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local).

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 13 de decembro de 2017 e o 23 de xaneiro de 2018.

Asemade, cumprindo co previsto no artigo 21.1h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta de forma específica do Decreto do 11 de xaneiro de 2018 no que se dispón a extinción do contrato de traballo, por despedido, dunha traballadora do Obradoiro de Emprego Cobas Xuvenil deste Concello de Monforte de Lemos.

### 11. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 29.12.2017 (tres) e de 18.01.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

## 12. ROGOS E PREGUNTAS.

### 1º.- ROGOS E PREGUNTAS DAS/DO CONCELEIRAS/O NON ADSCRITAS/O.

A) PREGUNTA E ROGOS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR. Son formulados por Dna. Alicia Cadarso Palau.

a) Cando ten pensado regularizar o/os contratos de limpeza do concello?

#### Resposta do Sr. Alcalde:

Son contratos que veñen de anos anteriores, este equipo de goberno pensa resolvelo este ano.

**b) Rogos para arranxar encoros de augas, así como comprobar o estado das madeiras dunha marquesiña:**

1. Que arranxe os encoros de auga que se forman nas rúas Corredoira, de saída do Hospital, e no inicio da rúa da Vide, onde se atopa a rotonda do Peregrino, por coincidiren coa presenza dun paso de peóns e ser puntos perigosos na circulación rodada, e, de ser o caso, solicitarlles aos correspondentes responsables, que leven a cabo os devanditos arranxos.
2. Que comprobe o estado das madeiras da marquesiña da Praza Ponte Fontecha, onde está a figura de Manuel María, e de ser necesario, reparar o que se precise, co fin de evitar calquera tipo de dano.

**Respostas do Sr. Alcalde:**

1.- Algo quedou mal nese cruzamento no mandato pasado, será arranxado neste mandato. Respecto ao da Vide, que lle corresponde á Xunta e á Deputación, dende o ano 2008 que está en servizo non recordo ningunha iniciativa ao respecto, nós xa fixemos melloras no alumeadado.

2.- No da marquesiña da praza Ponte Fontecha, farase se os técnicos o recomendan.

**B) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2018.** Son formuladas por D. Víctor López Mateo.

**a) PREGUNTA SOBRE OS OBXECTIVOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

“O pasado 18 de xaneiro, coñecíamos que o Sr. Alcalde se desprazaba á Feira Internacional de Turismo, FITUR, e que realizaba unha intervención “para promocionar o conxunto da Ribeira Sacra e a súa capital, a cidade do Cabe, como destino turístico. A intervención do mandatario local produciuse no marco da presentación da nova campaña de promoción da provincia, **Lugo Cambia**, organizada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Segundo se explica no portal web municipal, “o mandatario local numerou a multitude de motivos polos que se debe visitar a comarca”, e continúa dicindo que fixo referencia á paisaxe da zona, louvou a gastronomía e fixo referencia ao valor cultural.

Entendemos que a promoción turística é un piar fundamental para o desenvolvemento económico, e por iso vemos que as súas palabras non se corresponden coa realidade da súa política levada a cabo á hora de promover o turismo en Monforte de maneira real. Como exemplo, sirva a pésima xestión realizada o ano pasado co proxecto do antigo Hotel Comercio.

Como non vemos que se estean a dar pasos efectivos neste eido, formulamos a seguinte pregunta:

**Cales son os obxectivos estratéxicos en materia turística para este ano 2018?”**

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 29.01.2018

Páxina 24 de 32



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002599700P0O4G3S3W5B9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51

DOCUMENTO: 20180154007





Non se pode confundir nisto co resentimento no do Hotel Comercio, que estivo tres anos baleiro dende que se alugou no anterior mandato; cando nós queremos usalo, veñen con ideas, responderon os cidadáns. Os obxectivos díxenos en Fitur, figuran na páxina web do Concello. Non nos quedou de antes ningún folleto turístico de Monforte para poder repartilo, agora haberá folleto.

**b) PREGUNTAS PARA ACLARAR CANTAS BOCAS DE REGO HAI ACTUALMENTE NALGUNHAS RÚAS DA NOSA CIDADE.**

“No pleno de novembro, a Concelleira dona Alicia Cadarso Palau, instaba ao equipo de goberno a que se levasen a cabo as actuacións necesarias na boca de rego ubicada no contorno do IES A Pinguela, (xa que no Consello Escolar deste centro educativo se comentou o feito de que non estaba operativa), así como no resto da cidade, xa que, segundo nos constaba existían moitas bocas de rego que foran suprimidas despois de diferentes avarías na rede de abastecemento.

A verdade é que no pleno de decembro o Sr. Tomé respondeu nos seguintes termos este rogo, e dito sexa de paso dun xeito un tanto sorprendente que sería bo que nos explicase:

“No caso da Pinguela o problema que había era que a habían tapado cun contenedor, estaba tapada cun contenedor e polo tanto nin a vían. Moveuse o contenedor de sitio, e agora a boca de riego da Pinguela solucionado”... isto podémolo escoitar na gravación do pleno do día 18 de decembro, concretamente ás 3h 18’, tal como figura na web municipal.

Pero curiosamente, o pasado día 29 de decembro de 2017 vimos na prensa escrita o seguinte titular “Y el instituto A Pinguela consiguió por fin su boca de riego”, noticia que achegamos neste documento e onde se pode ler que a devandita boca de rego estaba cuberta por unha pedra dun peso considerable e medio tapada polo asfalto, e que a concellería de Obras enviou persoal do servizo municipal de obras para que retirase o material que cubría a boca de rego e que construíse unha base de cemento e unha saída de auga en condicións.

Ante estas informacións erradas por parte do Sr. Alcalde, volvemos traer aquí este asunto para facer as seguintes preguntas:

1. Por que razón nos dixo que a boca de rego da Pinguela estaba oculta cun contenedor? Foi, quizais, que descoñecía o seu estado real e foi o primeiro que se lle ocorreu ou, pola contra, pretendeu enganarnos a nós e a toda a veciñanza?
2. Cantas bocas de rego hai na rúa do Morín, na rúa Escultor Francisco Moure, na Pinguela e nas Cruces?”

(Figura reproducida a continuación a información aparecida na Voz de Galicia)

**Resposta do Sr. Alcalde:**

1.- Nós non suprimimos ningunha boca de rego; se se suprimiu algunha, foi no anterior mandato. A prensa pode poñer o que queira, podería poñer algún titular sobre mentiras. A Concellería de Obras non mandou ningún persoal municipal, o da foto da información da prensa é de Aqualia cun coche de Aqualia. Na pregunta hai mala fe. Di o periódico que “el centro reclamaba desde hace más de veinte años un punto de agua en condiciones”. Os seus compañeiros gobernaron doce anos, nós en dous anos xa o arraxamos. Se dixen que foi por un contedor, é porque é certo. Vostedes en doce anos non se



**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



enteraron, era un contedor de roupa. Dedícome a gobernar, para ocorrencias e enganos está a persoa que asina esta pregunta. Le un informe técnico que explica que se mellorou a visibilidade da boca de rego, que se pintou a tapa de azul, que estivo tapada durante moito tempo por un contedor de roupa.

2.- En Morín, 42; en Francisco Moure, 7; na Pinguela, 8; nas Cruces, 4. En total, 61 bocas de rego.

**C) ROGO PRESENTADO POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2018.** É formulado por D. Víctor López Mateo.

**ROGO PARA REPARAR AS PEDRAS DA PARTE SUPERIOR DO EDIFICIO MULTIUSOS.**

“Tal como nos teñen informado algúns veciños, e posteriormente puidemos comprobar nós mesmos, existen na parte superior do Edificio Multiusos varias pedras de perpiaño que se están desprendendo. Son pedras de aproximadamente 6 cm de grosor e nalgún caso, mesmo presentan xa un estado moi avanzado de desprendemento o que constitúen un grave perigo para a seguridade dos usuarios e traballadores municipais no caso de que se desplomen, tal como se pode apreciar nas fotografías do Anexo fotográfico que achegamos.

Por este motivo, e en prevención de evitar calquera desgraza, formulamos o seguinte rogo:

**Que se proceda a examinar a situación das devanditas pedras e se leven a cabo os labores de reparación das mesmas para repoñelas ao seu estado inicial e así evitar calquera posible desgraza.”** (Hai un anexo fotográfico)

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Trasladaremos aos técnicos de Urbanismo este rogo, para actuar en consecuencia aos danos que haxa.

**D) ROGO PRESENTADO POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2018.** Son formulados por D. Víctor López Mateo.

**ROGOS PARA REPARAR A ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO NA RÚA COBAS E UNHA TAPA DE AUGA NA RÚA ROBERTO BAAMONDE.**

“Tal como nos teñen informado algúns veciños, parece que a Estación de Bombeo do saneamento na rúa Cobas leva aproximadamente uns 10 días sen funcionar ou funcionando dun xeito deficiente, o que está provocando vertidos de augas residuais ao río.

Por este motivo, formulamos o seguinte rogo:

**Que se proceda a examinar a situación da estación de bombeo antes nomeada e se leve a cabo a reparación desta infraestrutura, no caso de ser preciso.**

Alén disto, existe tamén unha tapa de rexistro de auga que se encontra totalmente levantada na rúa Roberto Baamonde, á altura do número 141, **polo que lle rogamus que proceda á súa reparación.”**



### Resposta do Sr. Alcalde:

Se hai unha tapa nesas condicións, hai que arranxala.

Sobre a rúa Cobas, o informe da Técnica de Servizos di que en 2007-2008 procedeuse a realizar a obra de bombeo de augas residuais no camiño que vai da estrada de Ourense ao Muíño Vello, segundo proxecto técnico de 2007 do enxeñeiro de camiños D. Jose Enrique Cacicedo; que este pozo carece de desbaste de sólidos e grosos, polo que dende o inicio do seu funcionamento dá moitos problemas co funcionamento das bombas; que ademais, tense observado a entrada dun importante caudal de auga limpa no mesmo, que pode ser debido ao bombeo de augas freáticas ou dalgún regato que se infiltre no mesmo; que este bombeo do saneamento, descoñece por que motivo nunca foi asumido o seu mantemento e conservación pola empresa concesionaria Aqualia, como cre que lle correspondería; que dende que tivo coñecemento desta avaría, estase a traballar para a súa solución.

### 2º.- ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

**A) PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2018.** Son formuladas por Dna. Julia Rodríguez Barreira.

#### a) PREGUNTA SOBRE O SOTERRAMENTO DO CABLEADO DA RÚA DO CONDE.

“Exposición de motivos.

Este grupo municipal, tenlle solicitado o Sr. Alcalde que as obras de mellora do pavimento da Rúa do Conde se axustaran as propostas que para esta rúa fai o propio PEPCHA que está en tramitación. Non só, no que atinxe a renovación das conducións, senón tamén respecto do soterramento dos cableados que afean as fachadas desta rúa como de outras da cidade, pero tamén nalgún edificio que xa non existe como tal, onde os cables colgantes representan un risco para os veciños.

Xa entón, en setembro de 2017, sinalábamnos na nosa proposta que sento a Rúa do Conde unha rúa emblemática da cidade, debía ser renovada con arreglo as indicacións do PEPCHA, en cando a materiais, condicións da reforma e renovación de conducións.

De feito, instamos ao equipo de goberno a "cumprir coas indicacións do Pepcha, en canto aos materiais e condicións da renovación de espazos públicos que se vaian a acometer, *abordando conxuntamente as renovacións e substitucións das infraestruturas que o precisan, creando conducións unitarias, normalizando os distintos rexistros e arquetas, implantando tubos que permitan albergar nun mesmo conduto diversas infraestruturas (telefonía e cable, electricidade e iluminación), así como a reordenación progresiva dos tendidos que deberán ser paulatinamente subterreneizados, contribuíndo a reducir os impactos visuais provocados po/a proliferación de cableado nas fachadas*". E do mesmo xeito, comunicar as empresas de suministros de todo tipo que fagan as actuacións que teñan previstas para evitar ter que levantar o pavimento renovado, a curto prazo.

A día de hoxe, tense levantado o pavimento da rua do Conde, e non percibimos que se esté a facer nada para soterrar os cableados nesta rúa. Por tal motivo, formulamos a seguinte pregunta:

- TEN FEITO O ALCALDE, ALGUNHA XESTIÓN OU NEGOCIA IÓN COAS EMPRESAS SUMINISTRADORAS DE LUZ E TELEFONÍA, PARA QUE PROCEDAN A SOTERRAR OS CABLEADOS DA RUA DO CONDE, APROVEITANDO O LEVANTAMENTO DO PAVIMENTO QUE SE ESTÁ A LEVAR A CABO?
- DE SER ASÍ, CANDO TEÑEN PREVISTO ACOMETER TAL SOTERRAMENTO?"

#### Resposta do Sr. Alcalde:

Tódalas obras nas que se levanta o firme son comunicadas por escrito ás empresas subministradoras de servizos, que son cinco, R e Telefónica entre elas. Nin Telefónica nin Fenosa mostraron interese en facelo. Tanto o director de obra como a empresa contratada trasladaron a inviabilidade de facelo se non o asumían as empresas afectadas, e o Concello non lles vai facer a súa obra.

#### b) PREGUNTA SOBRE OS PERXUIZOS DERIVADOS DO INCUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO DE INCREMENTO DA BONIFICACIÓN DO ICIO ÁS ENTIDADES SOCIAIS.

“Exposición de motivos.

O pasado mes de decembro a Corporación monfortina, constituída en sesión plenaria tomou o seguinte acordo:

-MODIFICAR A ORDENANZA REGULADORA DO ICIO, no art. 7 e) a fin de incrementar do 30 ao 90% a bonificación a entidades de carácter social ou declaradas de utilidade pública, que realicen obras dirixidas ao desenvolvemento dos seus fins sociais, quedando redactado nos seguintes termos:

*"e) 90% na cota do imposto po/as demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación. As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á so/icitude da Jicenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas. O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno, co voto da maioría simple dos seus membros, sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto por non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas".*

- Entre as obras que se poderían ver favorecidas pola bonificación sinalada, estaba o proxecto anunciado pola entidade PRODEME, de "aproveitamento industrial da biomasa" a través dun centro ocupacional, centro especial de emprego e formación dual.

Un proxecto que representaría unha inversión de mais dun millón de euros. Que daría traballo e vendas a profesionais, empresas da construción, autónomos, e empresas de distribución de materiais para a construción.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



- É difícil atopar empresas que den traballo a persoas con discapacidade. O Concello, non pode presumir de ter esa sensibilidade, nin de facer nada para contar entre o seu persoal con persoas con discapacidade. Os centros ocupacionais, e os centros especiais de emprego, dan traballo a persoas con discapacidade, que de outro modo non o atoparían.

- Tamén a formación dual, resulta de interese para xente nova que pode compatibilizar a formación coa experiencia laboral. Pero para eso fai falla ter empresas dispostas a asumir esa tarefa. Prodeme estaba nesa disposición.

- O Alcalde, dende que se tomou ese acorde plenario, ten entrado nunha deriva de ataques persoais e mesmo institucionais aos colectivos sociais e particularmente a entidade Prodeme e o seu xerente, incompatible, co papel e a obriga dun alcalde de escoitar, comprender e atender no posible as demandas dos seus veciños. Mais, se de quen se trata e de entidades que desenvolven unha labor social tan importante.

-A día de hoxe, o Alcalde non ten dado cumprimento a este acorde plenario, nin parece, pelas suas manifestacións, que teña intención algunha de facelo, i eso a pesar de que se trata dunha competencia plenaria.

-A asociación Prodeme ten anunciado que suspende o seu proxecto, á vista da actitude, as descalificacións do Alcalde e a súa negativa a dar cumprimento ao acordo tomado.

Polo dito, este grupo municipal, eleva ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

- 1.- Ten pensado dar cumprimento ao acorde plenario tomado o pasado mes de decembro en relación a incrementar a bonificación do ICIO, ás obras declaradas de utilidade municipal por concurrir as circunstancias que constan no acorde?
- 2.- De ser afirmativa a súa resposta, cando ten pensado iniciar o correspondente expediente de modificación da ordenanza do ICIO?
- 3.- Como valora os prexuízos que está ocasionando con esa demora, non so á entidade que neste caso tiña anunciado o proxecto sinalado, senón a tódolos profesionais e autónomos que se terían beneficiado da inversión que representaría ese proxecto?"

### Resposta do Sr. Alcalde:

O Pleno ten competencias para debater, pero hai competencias que non son do Pleno e sobre elas non pode obrigar. O equipo de goberno ten pensado seguir cumprindo a lei. A ordenanza do ICIO foi aprobada o 23 de outubro e o 18 de decembro, coa abstención do PP, sen ningún voto en contra. Está publicada no BOP do 23 de decembro de 2017, esa será a ordenanza que se aplique en 2018. Cando alguén cumpre a lei, non causa ningún prexuízo, salvo no que afecte a un programa político; para gobernar, hai que presentarse ás eleccións. Que prexuízos, se se di que o proxecto é si ou si e que non hai problema de diñeiro? Dun xeito inmoral, hai quen se dedica a gastar diñeiro da discapacidade para meterse a facer política. Nós cumprimos a lei. Non fomos quen iniciamos ningunha polémica. A mentira vai quedando polo camiño. Agora vese quen está na lei e quen foi desafortunado. Gobernamos sen mirar de quen se trata, acabamos de arranxar pistas de acceso a Prodeme que custaron máis de trece mil euros.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51



**B) ROGOS ENTREGADOS AO INICIO DA SESIÓN.** Son formulados por D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez.

**a) Sobre arranxo de camiños na parroquia de Caneda.**

“Antecedentes:

Este grupo municipal ten recibo numerosas queixas polo lamentable estado de moitos dos viales do rural.

En visitas realizadas por membros deste grupo a diversas parroquias puidemos constatar lamentable estado de deterioro que presentan moitos dos camiños do medio rural.

Centrándonos agora na parroquia de Guntín, puidemos constatar o lamentable estado da pista que une os lugares de "A Medorra ", " A Lama " e " Souto" con " Santa Lucía ". Concretamente no tramo do camiño entre o lugar de "Guntín" e "Souto" atopámonos con unha capa de radura totalmente gretada e totalmente deteiorados ou inexistentes os accesos a ditos lugares.

Por tódolo exposto, presentamos no Pleno o seguinte:

ROGO:

- Que á maior brevidade posible se procedan a reparar os treitos deteriorados do vial que comunica os diferentes lugares da parroquia de Guntín.
- Se reparen e melloren os accesos ao lugar de " Guntín" e " Souto" da mencionada parroquia.”

**b) Sobre reparación de viais na parroquia de Guntín.**

“Antecedentes:

No pleno do 30/05/2016 o Grupo Municipal do Partido Popular presentou un rogo para o arranxo de determinados camiños na parroquia de Caneda.

Año e medio máis tarde, podemos constatar que o estado dos camiños continúa a ser Lamentable .

Asimesmo tamén se constata que por motivo de unha obra particular se fixo no Lugar de Fontes, un corte do camiño que atravesa toda a parroquia de Caneda e que conecta a CP-3203 coa parroquia de Bascós. Os desperfectos ocasionados por dito corte continúan sen arranxar, coa presenza de un socavón importante que dificulta o tránsito dos vehículos e mesmo fai que os automóviles teñan que tomar outra vía alternativa , con tódolos perxucios que esto supón para os veciños

Lembrarlle que estes camiños presentan un elevado tránsito de vehículos (camións de transporte de pensos e recollida de leite a explotacións gandeiras, camións de transporte de madeira, turismos de veciños das parroquias de Rozabales e Vilamarín, que empregan esta vía como atallo para os seus desplazamentos a Monforte e mesmo como acceso a N -120).

Por tódolo exposto, presentamos no Pleno o seguinte:

ROGO :

Que á maior brevidade posible se proceda nos camiños arriba mencionados a reparar os seguintes treitos:

- No camiño de conexión de CP - 3203 coa parroquia de Bascós: arranxo do socavón no Lugar de Fontes.
- No mesmo camiño, dende o " campo da Festa " ata o empalme co camiño de servizo do regadío do valle de Lemas, pasando por Bao: reafirmado e riego bicapa .



- No camiño dende a carretera de Rozavales ata o campo da Festa : reafirmado e riego bicapa no tramo comprendido entre o cruce da "pista do pozo" e o "campo da festa".

**Respostas do Sr. Alcalde:**

Ao b): En Guntín, acábase de asfaltar -hai poucos meses diso- do cruzamento de Piñeira a Santa Lucía. Se quedou mal, reclamaráselle ao contratista, debería estar ben.

Ao a): No caso de Caneda, esas obras xa están contratadas, esperamos ao bo tempo para facelas.

**C) ROGOS IN VOCE.**

**a) Sobre a contestación do Alcalde á pregunta A).b) deste Grupo.** É formulado por Dna. Julia Rodríguez Barreira. (Discute co Alcalde sobre a formulación deste rogo).

Paréceme mal o calificativo de inmoral, o rogo é para que conteste a pregunta e se absteña de calificar de inmoral a ninguén.

**b) Sobre a ordenación do tráfico na rúa Leopoldo Calvo Sotelo por derrubamento de edificio.** É formulado por Dna. Julia Rodríguez Barreira.

O rogo é para que racionalice o corte de tráfico motivado polo derrubamento.

**c) Sobre a seguridade nas estradas provinciais.** É formulado por D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez.

O rogo é para instar á Deputación provincial sobre as vías da súa competencia. A que vai de Monforte a Sober por Piñeira xa ten sido obxecto de acordos plenarios. Nesa estrada e outras cómpre facer obras relacionadas coa seguridade viaria, tamén zonas para peóns. Espero que a Deputación comtemple o que se pide.

**Respostas do Sr. Alcalde:**

Ao c) : Non hai inconveniente en trasladar o rogo.

Ao b) : Na rúa Leopoldo Calvo Sotelo actuouse de acordo cos informes do técnico de Urbanismo e da Policía Local. Eu estou por abrila canto antes, pero non se hai situación de risco segundo os técnicos.

Ao a): Non ten vostede potestade para dicirme o de inmoral. Inmoral é destinar diñeiro da discapacidade para facer política. Dixo o BNG que isto hai que paralo, que o pare quen o empezou.

**3º) ROGO IN VOCE DO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE.** É formulado por Dna. Maribel García Díaz.

**Sobre a obra de Prodeme.** O día 24 deste mes Prodeme solicitou licenza para obras e tamén para a bonificación do 90% segundo o acordado no Pleno ordinario de decembro. Vai atender esta solicitude? Vai vir a bonificación ao Pleno?

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Calquera solicitude é atendida e tense en conta a proposta dos técnicos.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e sete minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

(ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 26/02/2018)



**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 28/02/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 28/02/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/02/2018 13:10:51

